

I FORO RIO MINHO TRANSFRONTEIRIZO – VALENÇA 21/06/2018

CONCLUSIÓN MESA 3 “MOBILIDADE E SERVIZOS COMPARTIDOS” E “TURISMO SUSTENTABLE”

MESA 3: MOBILIDADE E SERVIZOS COMPARTIDOS / TURISMO SUSTENTABLE

RELATOR: RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ

o **Temas tratados:**

- MOBILIDADE E SERVIZOS COMPARTIDOS

- É preciso planificar a medio e longo prazo a cuestión da mobilidade posto que na actualidade a comunicación con Portugal é peor ca no pasado. Fan falta tanto infraestruturas como liñas de mobilidade
- Coméntase a importancia de crear programas conxuntos de formación mediante programación escolar común
- Existe unha gran coincidencia na necesidade de crear seguros conxuntos con validez a ambos lados da fronteira. Como exemplo destacan que os seguros da Xunta (escolares) non son válidos en Portugal
- Necesidade de eliminar trabas burocráticas
- Existe un claro problema de despoboación a ambos lados da fronteira
- Destacan a necesidade de centrarse máis na mobilidade que nas infraestruturas e critican a proposta dun Ave de Vigo a Porto
- Destacan a necesidade de incorporar a cuestións de discapacidade como elemento transversal en todos os proxectos europeos e tamén nas relacións transfronteirizas

- TURISMO SUSTENTABLE

- Necesidade de mellorar a implicación dos medios de comunicación nas dinámicas turísticas e a desinformación existente ao outro lado da fronteira
- Dous problemas graves dende o punto de vista turístico na rexión:
 - Falta un modelo de identidade turística. A fronteira pode ser un recurso para crear esta identidade de destino e marca. Destacan a existencia na actualidade dun lema: “un destino dous países”
 - Non existe oferta turística para o río Miño (destacan a inclusión da senda fluvial na rede EuroVelo, rede europea de rutas ciclistas)
- Noméase a importancia do Plan director das fortalezas transfronteirizas do Rio Miño
- Destacan o modelo turístico de Melgaço con un turismo activo que está funcionando
- Indican que o escaso desenvolvemento turístico da rexión débese a que sempre existiu unha fronteira. Pola contra, arguméntase que agora a existencia da fronteira pode ser unha oportunidade
- En relación ao turismo destácanse as seguintes necesidades e eivas:

- É preciso desenvolver máis eventos
- Necesidade de mellorar a formación dos profesionais turísticos
- Localización dos “target groups” (grupos obxectivo)
- A importancia do Camiño de Santiago
- A imposibilidade de navegar o río Miño reduce a posibilidade de oferta turística fluvial
- Existen problemas ambientais (os portugueses xestionan estes problemas de forma moito máis eficaz)